

REGULAMENTO DE REXIME INTERNO DA
FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL
-FEGADACE-

FEGADACE

FEDERACIÓN
GALEGA DE
DANO CEREBRAL }

| | |
|---|----|
| <u>TÍTULO I. DA FEDERACIÓN, DAS ENTIDADES MEMBRO, DO RÉXIME ECONÓMICO, DAS INFRACCIÓN E SANCIÓN</u> | 3 |
| <u>CAPÍTULO 1. DA FEDERACIÓN EN XERAL NORMAS XERAIS E NATUREZA DO RÉXIME INTERNO</u> | 3 |
| <u>CAPÍTULO 2. DAS ENTIDADES MEMBRO</u> | 4 |
| <u>CAPÍTULO 3. INFRACCIÓN E SANCIÓN</u> | 6 |
| <u>CAPÍTULO 4. DO REXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO</u> | 10 |
| <u>TÍTULO II. DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E DOS SERVIZOS TÉCNICOS</u> | 10 |
| <u>CAPÍTULO 1. DA XUNTA DIRECTIVA E A COMISIÓN PERMANENTE</u> | 10 |
| <u>CAPÍTULO 2. DA ASEMBLEA XERAL</u> | 11 |
| <u>CAPÍTULO 3. DOS SERVIZOS TÉCNICOS</u> | 13 |
| <u>TÍTULO III. DO RELATIVO Á IMAXE CORPORATIVA, A PUBLICIDADE DAS DECISIÓN E COMUNICACIÓN PÚBLICAS</u> | 15 |
| <u>TÍTULO IV. DA REFORMA E MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS E DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO</u> ... | 15 |

FEGADACE

FEDERACIÓN
GALEGA DE
DANO CEREBRAL }


TÍTULO I. DA FEDERACIÓN, DAS ENTIDADES MEMBRO, DO RÉXIME ECONÓMICO, DAS INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

Este regulamento é unha norma emanada da Xunta Directiva de Federación Galega de Dano Cerebral, en adiante FEGADACE ou a Federación, en desenvolvemento e complemento dos seus Estatutos, co fin de regular, organizar e facer máis transparente a vida e organización interna de FEGADACE. Posúe eficacia directa e é vinculante en toda a súa extensión para todas as entidades membro da Federación desde o día seguinte á súa aprobación pola Asemblea Xeral de socios, en convocatoria de Asemblea Xeral Extraordinaria, polas maiorías previstas nos Estatutos, ou ata que os propios estatutos, como norma superior, se modifiquen en sentido contrario ao seu contido, e só para a parte afectada por a posible incompatibilidade sobrevida.

As disposicións aquí recollidas serán de obrigado cumprimento para todos os membros de FEGADACE.

CAPÍTULO 1. DA FEDERACIÓN EN XERAL _ NORMAS XERAIS E NATUREZA DO RÉXIME INTERNO

- a) A FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL, en acrónimo FEGADACE, foi constituída en Santiago de Compostela, o día 12 de xaneiro de 2007, como unha entidade integrada por asociacións de persoas con dano cerebral adquirido, e os seus familiares; ao abeiro da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e normas complementarias; con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro. A FEGADACE rexerese polos Estatutos aprobados, polo presente Regulamento de Réxime Interno e por todas aquelas normas que estableza a regulamentación que lle sexa de aplicación en función da lexislación e normativa vixente.
- b) O presente regulamente desenvolve os contidos expresados nos Estatutos de FEGADACE e en ningún caso poderá ir contra a filosofía e articulado dos citados Estatutos.
- c) FEGADACE por medio da súa Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva, será a responsable de desenvolver o presente regulamento, efectuando os cambios que sexan necesarios para o mellor funcionamento da Federación.
- d) O presente documento poderá ser modificado, a proposta da Xunta Directiva, pola Asemblea Xeral, co acordo de 2/3 das entidades membro.
- e) De acordo cos Estatutos, someteranse a este Regulamento:
 - a. As entidades socias numerarias, as colaboradoras e as de honra
 - b. A Presidencia
 - c. A Xunta Directiva
 - d. As Persoas Membro da Comisión Permanente
 - e. A Dirección Técnica da Federación e os servizos profesionais dela dependentes.
- f) A Xunta Directiva, como órgano de Dirección Colexiado, vixiará a observancia e interpretación dos preceptos contidos nos Estatutos e no presente Regulamento.



CAPÍTULO 2. DAS ENTIDADES MEMBRO

- a) Poderán ser membro da Federación aquelas entidades formadas e dirixidas por persoas con dano cerebral adquirido e familiares, dedicadas á atención ás persoas con dano cerebral e cuxa misión principal sexa a defensa dos dereitos destas, segundo o que estipulan os estatutos no "capítulo II. Da Composición dos seus membros, dos seus dereitos e deberes" e o presente regulamento.
- b) As asociacións membro terán os seguintes **dereitos**, ademais dos recollidos no art.10 dos Estatutos e sen prexuízo dos mesmos:
- Ter coñecemento en tempo e forma dos acordos adoptados polos órganos de goberno da Federación: Asemblea Xeral, Xunta Directiva e Comisión Permanente.
 - Solicitar mediante petición razoada, o acceso á documentación da Federación. Dita solicitude será dirixida á Xunta Directiva e aprobada pola Presidencia ou órgano delegado. Deberá constar constancia escrita e documental tanto da petición como da resposta emitida. En caso de denegación esta terá de ser debidamente fundamentada e motivada.
 - Solicitar apoio e acompañamento técnico e político da Federación para o alcance dos seus fins dentro do Marco do presente R.R.I e dos propios estatutos que a rexen.
- c) Ademais dos recollidos no art. 11 dos Estatutos e sen prexuízo dos mesmos, as entidades socias terán os seguintes **deberes**:
- Cumprir cos preceptos, directrices e requirimentos que marcan os Estatutos da Federación e o presente R.R.I, así como os acordos adoptados polos seus órganos de goberno.
 - Aboar as costas que se determinen en tempo e forma.
 - Cooperar no desenvolvemento do traballo da Federación e na boa execución das accións, proxectos, programas e plans que se determinen e acorden.
 - Notificar calquera cambio ou situación que afecten á súa relación coa Federación (cambios de Presidencia, Órganos de Goberno, de Domicilio Social, de Datos de Contacto, etc.)
 - Responder aos requirimentos da Federación dentro do marco dos seus deberes e responsabilidades.
 - Respectar en todo momento as directrices consensuadas no que a relacións institucionais e representatividade do movemento asociativo a nivel autonómico, estatal e outros superiores, que poidan establecerse, respecta.
- d) Sección de **cotas**:
- As cotas serán fixadas pola Asemblea Xeral ordinaria, a proposta da Xunta Directiva, así como revisadas e no seu caso modificadas e aprobadas polo mesmo mecanismo, como reza o art. 13 dos Estatutos.
 - Sen prexuízo do recollido en dito artigo, as cotas anuais ingresaranse na conta bancaria que a Federación determine ao efecto e comunique adecuadamente, de maneira mensual nos primeiros cinco meses do mes a aboar.
 - A contía da cota anual poderá variarse pola Xunta Directiva, baixo aprobación da Asemblea Xeral Ordinaria, tal como recollen os Estatutos, no momento en que se estime pertinente e coa argumentación adecuada.
 - As cotas para as novas entidades que ingresen na Federación, aboaranse no momento da aprobación definitiva de Alta como nova entidade socia, aboando a parte proporcional correspondente ao seu ano de ingreso, en función do mes de ingreso.

- e. Poderán establecerse cotas de carácter extraordinario, como estipulado nos Estatutos, para facer fronte a derramas ou se outras circunstancias o requiren. Estas serán propostas pola Xunta Directiva á Asemblea Xeral e serán aprobadas en convocatoria Extraordinaria de dita Asemblea.

e) De admisión e perda de condición de socia:

Da admisión: Poderán ingresar todas aquelas asociacións que así o soliciten expresamente e seguindo os requisitos estipulados nos artigos 9 e 10 dos Estatutos, e realizando a solicitude de ingreso como segue:

- a. Carta solicitando o ingreso na Federación asinada pola Presidencia da entidade solicitante. Nesta carta farase constar, como mínimo, a seguinte información:
 - i. *Aceptación dos Estatutos da Federación.*
 - ii. *Compromiso expreso de acatar os seus Estatutos, R.R.I., códigos éticos ou de bo goberno que puidera haber, plans estratéxicos, plans de igualdade e outros documentos e compromisos corporativos debidamente adoptados polos seus órganos de goberno.*
 - iii. *Compromiso expreso de aboar as cotas anuais aprobadas por Asemblea Xeral, e outras extraordinarias que poidan establecerse de forma puntual.*
 - iv. *O compromiso de participar naquelas comisións, grupos de traballo ou actividades da Federación, ademais de permitir que as persoas da súa Xunta Directiva que resulten escollidas ostenten cargos de representación na Federación con eficacia.*
- b. A Documentación que se entregará na solicitude, asinada pola súa Presidencia, é cando menos:
 - i. Copia legalizada dos seus estatutos.
 - ii. Copia da resolución da autoridade competente que teña aprobado os Estatutos.
 - iii. Certificados de inscrición nos rexistros correspondentes ou de documento que acredite a súa constitución legal e adquisición de personalidade xurídica.
 - iv. Copia da Acta Fundacional da Entidade.
 - v. Copia legalizada do seu CIF.
 - vi. Certificado de acordo de integración na Federación, adoptado polo órgano competente.
 - vii. Copia do DNI da persoa que ostenta a Presidencia.
 - viii. Relación de integrantes da Xunta Directiva ou Órgano Reitor (nome, DNI, cargo, condición de persoa con dano cerebral ou familiar da persoa con).
 - ix. Certificado do nomeamento da persoa de Xunta Directiva que representará á entidade na súa interacción e representación ante FEGADACE.
 - x. Memoria de actuación levada a cabo desde a súa constitución, do nº de persoas socias, proxectos ou programas que tivera, as súas persoas beneficiarias, persoal contratado e voluntario co que conta, así como balance económico dos dous últimos exercicios aprobados polos órganos correspondentes.

Unha vez documentada e presentada a solicitude será tratada na reunión de Xunta Directiva que deberá verificala, dando necesariamente un informe positivo ou negativo. No caso de dar un informe negativo, deberá especificar debidamente os motivos e dar un prazo de dez días á solicitante para reparar as causas do rexeitamento do seu ingreso.



Se non se corruxiran as causas que motivaron inicialmente o informe negativo, no prazo establecido, a Secretaría de FEGADACE informará do rexeitamento da candidatura e os seus motivos.

En caso de que a entidade solicitante cumpra os requisitos de admisión, a secretaría elaborará un informe positivo que será presentado para análise da Xunta Directiva para posterior elevación e ratificación do seu ingreso pola Asemblea Xeral.

A Xunta Directiva presentará anualmente un informe á Asemblea Xeral sobre solicitudes de altas e baixas de entidades asociadas que se tiveran producido. A celebración de Asemblea Xeral Extraordinaria co obxecto de admitir ou dar de baixa entidades socias procurase que sexa dúas por ano.

Da Perda de Condición de Socia: Como regulado no art. 13 dos Estatutos as asociacións perderán a súa condición de socias en dous supostos principais: (i) cando renuncien voluntariamente a ela ou (ii) como consecuencia dunha infracción moi grave nos supostos recollidos nos Estatutos, previa tramitación do correspondente expediente disciplinario.

Sen prexuízo de cada un dos preceptos recollidos no art. 13, no momento da perda de condición de socia, deberá de satisfacer antes da súa marcha efectiva -que será comunicada por escrito- todas as xustificacións, débedas ou obrigas que teña pendentes de render.

Coa súa perda de condición de socia faise efectiva a renuncia a todos os seus dereitos.

A expulsión dunha entidade socia poderá acordarse pola Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva. No trámite da decisión deberá darse audiencia á entidade socia, se esta o considera. A decisión deberá estar ampla e solidamente fundamentada e será recorrible ante a Asemblea Xeral, que reconsiderará os argumentos da asociación envolvida como o informe da Xunta Directiva ao respecto, someténdose no seu caso, á votación da Asemblea.

CAPÍTULO 3. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Para o mantemento da organización interna da Federación e o cumprimento dos fins fixados nos seus estatutos, establécense unha serie de disposicións relativas a infraccións e sancións de acordo cos seguintes principios e condicións:

- a) **Principio de legalidade e tipificación:** as faltas sancionables e as sancións que se impoñan deben de estar previstas no regulamento de réxime interno.
- b) **Principio de irretroactividade:** as disposicións sancionadoras só poderán aplicarse a feitos posteriores á súa aprobación, salvo que sexan máis beneficiosas para o infractor.
- c) **Principio de competencia:** os procedementos sancionadores só poderán ser restituídos e resoltos polos órganos que estatutaria ou regulamentariamente teñan tal competencia.
- d) **Principio de garantía do procedemento:** as sancións só se impoñerán de acordo co procedemento que se preveza no Regulamento de réxime interno.
- e) **Principio de Proporcionalidade:** deberase gardar a debida proporción entre a gravidade do feito e a sanción imposta. Para a determinación da sanción teranse en conta, entre outras circunstancias similares, a existencia de intencionalidade, ocultación e falta de transparencia, alcance e natureza dos danos causados xa sexa a unha persoa individual, familiar ou ao conxunto do movemento de dano cerebral adquirido agrupado na Federación.

- f) **Dereitos do presunto responsable:** a entidade membro envolta nun expediente sancionador ten dereito a ser notificado dos feitos que se lle atribúen, da infracción que eses feitos poden constituír e a sanción que implica. Ten dereito a coñecer a identidade do órgano instrutor e do órgano encargado de resolver. Ten dereito a realizar alegacións e a utilizar todos os medios de proba admitidos en dereito. Ten dereito á presunción de inocencia, que só poderá ser destruída mediante probas practicadas no expediente. E, finalmente, ten dereito a unha resolución final motivada e congruente que responda a todas as cuestións expostas no expediente.
- g) **Prescripción:** Non se pode iniciar unha acción sancionadora unha vez que transcorresen dous anos desde que ocorreron os feitos.

Clasificación das infraccións:

Serán **infraccións leves** as seguintes:

- a) Aboar a cota da Federación fóra do prazo establecido.
- b) Non remitir en tempo e forma á Federación a información e/ou documentación requirida por esta.
- c) Usar de forma inadecuada nos seus documentos ou canles de comunicación (web, blogues, redes sociais...) o logotipo da Federación ou a súa imaxe corporativa ou usar unha que non sexa a oficialmente recoñecida.

Serán **infraccións graves** as seguintes:

- a) Non asistir ás Xuntas Directivas ou a comisión permanente durante un ano, sen comunicación nin xustificación.
- b) Non asistir a dúas (2) Asembleas Xerais consecutivas no período de dous anos.
- c) Non abonar a cota anual.
- d) A acumulación de tres (3) faltas leves nun ano.
- e) Non achegar a documentación que lle sexa solicitada pola Xunta Directiva, a comisión permanente ou a Dirección da Federación no marco das actuacións que esta leva a cabo e que fosen aprobadas polos órganos correspondentes.
- f) A falta de respecto ao persoal da Federación, colaboradores ou membros dos seus órganos de goberno, a outra asociación, a algún dos seus membros ou ás persoas e familias con dano cerebral.
- g) Actuar por conta propia ante a administración autonómica en cuestións que afecten ou poidan afectar ao conxunto dos socios integrantes da Federación e aos seus intereses comúns.
- h) Non atender un segundo apercibimento por infracción leve.

Serán **infraccións moi graves** as seguintes:

- a) A ocultación de situacións ou actuacións do seu persoal directivo ou dos órganos de goberno, que poña en risco a credibilidade e a reputación do movemento asociativo do dano cerebral agrupado en FEGADACE.

Pódese entender por situacións ou actuacións deste tipo, as seguintes:

- Incompatibilidades profesionais das súas persoas traballadoras ou directivas.
- Malversación ou uso inadecuado dos fondos públicos recibidos para o cumprimento dos seus obxectivos fundacionais.
- Perda de condición de entidade non lucrativa da entidade federada.
- Difundir e propagar información confidencial tratada nos órganos de goberno da Federación ou das entidades federadas: Xunta Directiva, Comisión permanente ou calquera órgano que se poida crear no futuro.

- Uso inadecuado da imaxe da Federación ou cesión a terceiros desta ou acordar actuacións sen previa comunicación en nome da Federación e sen a aprobación previa da súa Xunta Directiva.
 - Obrar e acordar actuacións ou compromisos en nome da Federación sen coñecemento nin aprobación dos seus órganos de Goberno.
 - Obrar de forma irresponsable en nome da Federación.
- b) Ser sancionada con carácter firme pola administración por falta grave ou moi grave ou condenada por infracción penal, tras o correspondente coñecemento formal da resolución administrativa ou, no seu caso, sentenza xudicial firme.
 - c) Non achegar nin comunicar a documentación derivada dun cambio substancial (todo aquel que afecte o réxime de pertenza á Federación ou que afecte a unha ou a varias condicións para ser admitida como asociación membro de pleno dereito) no seu obxecto social, forma xurídica nos meses seguintes a que este se produza de forma firme.
 - d) Non abonar a cota durante dous anos consecutivos. Non abonar derramas ou outras achegas que fosen aprobadas polos órganos de goberno da Federación, salvo que a Xunta Directiva apreciase a existencia de circunstancias excepcionais que os xustificasen.
 - e) A asunción por parte dalgunha das asociacións ou do seu persoal directivo, de competencias que correspondan a esta estatutariamente, as recollidas neste regulamento ou en calquera outro documento aprobado pola súa xunta directiva, ou a actuación no seu nome fronte a calquera persoa, física ou xurídica pública ou privada, sen o consentimento expreso e informado da Xunta Directiva da Federación e /ou ás costas desta.
 - f) Desligarse publicamente ou ante terceiros dos acordos da Federación e a súa representatividade, por razóns persoais ou corporativas, que poidan causar un menoscabo da propia imaxe e cohesión do movemento asociativo no seu conxunto.
 - g) A inhibición reiterada no cumprimento dos acordos adoptados polos órganos de goberno da Federación (polo menos tres -3- acordos en dous anos).
 - h) A revelación de datos, documentación interna ou calquera outra circunstancia da que se tivese coñecemento por mor da pertenza aos órganos de goberno da Federación.
 - i) A comisión de dúas (2) faltas graves no prazo dun (1) ano.

Clasificación das sancións:

Para as **infraccións leves:**

Apercibimento pola Xunta Directiva instándolle a reparar o dano nun tempo razoable, que non poderá exceder dun mes.

Para as **infraccións graves:**

No suposto dun apercibimento ás infraccións antes determinadas e as previstas neste Regulamento, e que non fose solucionada a causa da infracción nos prazos que se establezan, a sanción será:

- Perda do dereito a voto da organización na Asemblea e na Xunta Directiva por un período de un ano.
- Imposibilidade de presentar candidaturas á Xunta Directiva e á Comisión Permanente durante un período electoral.
- A exclusión na participación ou beneficios de determinados proxectos, actividades ou servizos da Federación durante un ano.

Para as **infraccións moi graves:**

- Perda do dereito a voto da organización na Asemblea e na Xunta Directiva por un período de dous anos consecutivos.
- Imposibilidade de presentar candidaturas á Xunta Directiva e á Comisión Permanente en todos os casos previstos durante dous períodos electorais consecutivos.
- A exclusión na participación ou beneficios de determinados programas, proxectos, actividades ou servizos da Federación durante dúas anos consecutivos .
- Expulsión definitiva da Federación e perda inmediata da súa condición de socio.

Procedemento Sancionador:

- a) Establecerase un órgano instrutor, en forma dunha Comisión Delegada, establecidas no artigo 24 dos Estatutos, cuxa composición e nomeamento se determinará pola Xunta Directiva reunida para o efecto.
- b) Iniciará o procedemento cando teña coñecemento ou aprecie que unha asociación federada ou algún membro da Federación (membro de órgano de goberno ou a dirección) están a actuar de tal maneira que incorra nalgún dos casos previstos de sanción. Antes de decretar a apertura do expediente, o órgano instrutor poderá levar a cabo todas as tarefas preliminares para determinar se os feitos teñen relevancia suficiente.
- c) A/s persoa/s que representa/n en Xunta Directiva á organización sancionada, non participarán nas sesións nas que se debatan ou resolvan os expedientes sancionadores.
- d) O órgano instrutor dirixirá á asociación concernida un escrito comunicándolle a apertura do expediente, describindo os feitos que se lle atribúen, a falta que pode constituír e a sanción que podería impoñérselle, e o órgano competente diso.
- e) A asociación ou parte en cuestión, no prazo de 21 días hábiles desde a recepción da comunicación (usará aquel medio que garanta que dita comunicación foi recibida, no caso de que non se entregue en man. Se fose así, o receptor deberá de asinar un recibín da documentación entregada) de apertura do expediente, pode presentar as alegacións que estime oportunas, presentar documentos e probas que desexe. Se non realiza alegacións neste período, continuará a tramitación do procedemento.
- f) Terminada a instrución, a Comisión así o declarará e notificarallo á Asociación. Ao mesmo tempo a Comisión comunicarllo á súa vez a Xunta Directiva. Será esta a que decida se os feitos non son constitutivos de falta, ordenando o arquivo do expediente. Se as actuacións constitúen faltas, deberán tipificar de que tipo. Este procedemento non poderá durar máis de tres (3) meses desde que se decretou o fin da instrución.
- g) Se se tratase dunha falta grave ou moi grave, resolverá a Xunta Directiva por maioría cualificada de polo menos 2/3 dos membros da Federación de pleno dereito. A proposta de sanción deberá de ser aprobada pola Asemblea en igual proporción. As sancións das faltas leves serán executivas. En calquera caso, a resolución será motivada e congruente e deberá responder a todas as cuestións do caso.
- h) Como medida provisional, sen entrar a prexulgar o fondo do asunto, e mentres dura a tramitación dun expediente sancionador, a Xunta Directiva poderá acordar a suspensión temporal da condición de socio.
- i) A resolución que pon fin a un expediente sancionador e aprobado pola Asemblea será executada de inmediato pola Xunta Directiva.
- j) O Procedemento sancionador prescribe se non hai resolución que lle poña termo un ano despois da súa iniciación.



CAPÍTULO 4. DO REXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO

1. Os recursos económicos da Federación serán os previstos nos Estatutos (Capítulo V. Réxime Económico, Contable e Documentación).
2. Os orzamentos anuais serán presentados pola Dirección á Presidencia e esta á Xunta Directiva que deberá de aprobalos para a súa inclusión na Orde do Día da Asemblea Xeral Ordinaria.
3. De acordo co art. 39 dos Estatutos, a Federación levará a cabo unha contabilidade detallada do seu patrimonio, estados financeiros, resultados e actividades realizadas. Estes documentos e informacións, que forman parte da Memoria Económica Anual, dos Informes de Auditorías e da Memoria de Utilidade Pública, someteranse á aprobación da Xunta Directiva.
4. Os estados de contas serán sometidos á Asemblea Xeral e as e os representantes na mesma deberán ser previamente informados, vía correo electrónico, sobre estes pola Xunta Directiva.
5. A disposición de fondos é competencia da Xunta Directiva. A Xunta Directiva poderá delegar tamén esta facultade nun ou máis representantes da Xunta e na persoa que exerza a dirección técnica da Federación. Para a efectiva disposición e movemento de fondos, será necesaria a firma ou autorización mancomunada de dúas ou máis persoas, unha das cales, como mínimo debe formar parte da Xunta Directiva e preferiblemente ser quen exerce a Presidencia. Poderá existir un efectivo, do que dispoñerá a persoa que exerza a dirección técnica ou xerencia. Este fondo destinarase a gastos menores que ten que ver co día a día da Federación. Calquera gasto realizado por esta vía deberá estar debidamente xustificado con documentación de respaldo.
6. A representación legal de FEGADACE recae na persoa que exerza a Presidencia e por conseguinte ten autorización e firma para subscribir contratos e convenios incluíndo cobranzas e pagos de subvencións que poidan recibirse das administracións públicas e/ou entidades privadas.
7. En casos excepcionais poderán outorgarse tamén estas facultades á Vicepresidencia, á Secretaría ou á Tesourería de forma indistinta.

TÍTULO II. DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E DOS SERVIZOS TÉCNICOS

CAPÍTULO 1. DA XUNTA DIRECTIVA E A COMISIÓN PERMANENTE

1. Natureza, composición e funcionamento da Xunta Directiva.- Para a descrición de dito punto atenderase ao disposto nos art. 20 a 30 dos Estatutos da Federación.
2. Sen prexuízo do establecido nos referidos artigos estatutarios, a Xunta Directiva reunirse, como mínimo cada 3 meses en sesión ordinaria, podendo reunirse máis veces en función das situacións que o fagan necesario. A mesma pode ser convocada pola Presidencia, a iniciativa propia, ou cando así o soliciten, polo menos, un 50% dos seus membros.
3. A dirección técnica participará nas reunións de Xunta Directiva con voz, pero sen voto. Farase cargo das comunicacións aos membros da Xunta, remitir ou comunicar a orde do día que se teña acordado previamente e toda a documentación de traballo que sexa necesaria.



4. Á mesma poderán ser convidados outros/as profesionais ou membros da Federación de forma puntual, sempre que así se considere para o tema ou asunto que se trate, pola Presidencia da Xunta Directiva.
5. Compensación de Gastos dos membros da Xunta Directiva, da Presidencia e da Comisión Permanente:
 - a) De acordo cos Estatutos da Federación, os membros e cargos da Xunta Directiva non recibirán retribución algunha polos seus cargos. Todas as persoas membro da Xunta Directiva e a Presidencia teñen dereito á compensación económica dos seus gastos como consecuencia directa do exercicio dos seus cargos e das actividades que lle foran encomendadas dentro das súas funcións regulamentadas estatutariamente.
 - b) A compensación dos gastos non ten carácter retributivo nin pode supoñer un incremento patrimonial para a persoa que a recibe.
 - c) A compensación será sempre posterior ao gasto (manutención, estancias, desprazamentos ou similares), salvo que por circunstancias específicas teñan que adquirirse billetes ou reservas e os mesmos sexan xestionados pola propia Federación. En calquera caso, requirirase acreditación documental do gasto mediante facturas, billete ou similares.
 - d) Cando asistan en representación da Federación a Congresos, Xornadas, etc., terán a obrigaón de informar dos contidos destas á Xunta Directiva. Os membros convidados non poderán recibir remuneración económica algunha pola súa participación e no caso de que se estipule así polo responsable da organización do evento, a mesma farase na conta da Federación e esta poderá facturar polo devandito servizo.
 - e) As compensacións de gastos realizadas figurarán con este título nas contas anuais.
 - f) O enunciado no devandito punto é extensible ao persoal directivo e técnico da Federación. En calquera caso, deberá contar co coñecemento e permiso expreso da Dirección da Federación e o Vº e Pr. da Presidencia.

CAPÍTULO 2. DA ASEMBLEA XERAL

A sección 1ª dos Estatutos e os seus artigos, de 15 a 18, establecen a regulación para a natureza, funcionamento e composición da Asemblea Xeral de FEGADACE, ben como as funcións que lle son propias. Para alén do recollido en ditos artigos, será de aplicación os seguintes principios e regras:

- a) As convocatorias das Asembleas Xerais comunicaranse por escrito expresando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día con expresión escrita concreta dos asuntos a tratar. As convocatorias serán remitidas a través de medios electrónicos, salvo que non sexa posible, facendo constar ademais do orde do día, as condicións nas que se vaia celebrar a sesión e o sistema de participación. Entre a comunicación e o día sinalado para a celebración da Asemblea, deberán mediar polo menos 15 días. Na convocatoria farase constar así mesmo a data e hora na que se reunirá a Asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a media hora.
- b) As asembleas, con carácter xeral, serán presenciais; podendo realizarse de xeito telemático, cando a situación así o requira ou sirva para facilitar a participación dun maior número de asistentes. En ámbolos dous casos deben garantir o dereito á participación democrática e o exercicio do voto secreto cando así sexa requirido.



- c) En calquera caso, nas sesións que se celebren a distancia, débese asegurar por medios electrónicos, a identidade dos membros, o contido das súas manifestacións, o momento no que estas se produzan así como a interactividade e intercomunicación entre eles en tempo real. Entre outros, considéranse incluídos entre os medios electrónicos válidos, o correo electrónico, as audio-conferencias e as videoconferencias.
- d) A solicitude de convocatoria de Asemblea Xeral Extraordinaria efectuada polos socios deberá de ser formalizada, cando menos, polo 25% dos membros numerarios, e haberá de conter expresamente a orde do día da sesión, axuntando a documentación e a información que fose precisa para a adopción dos acordos. A solicitude deberá presentarse perante o/a Secretario/a da Federación, quen confirmará a súa recepción mediante acuse de recibo e lectura da notificación vía correo electrónico. O/a Secretario/a, despois de comprobar os requisitos formais (número de socios e socias, convocatoria e documentación, se fose o caso), dará conta inmediata á presidencia, para que, nun prazo de 15 días dende a presentación da solicitude perante a secretaría, convoque a Asemblea Xeral que haberá de celebrarse, nun prazo máximo do mes seguinte á data da presentación. Se a solicitude carecese dos devanditos requisitos formais, o/a Secretario/a terá por non formulada a solicitude, procedendo ao seu arquivo con comunicación ao/á socio/a que encabece a lista de solicitantes.
- e) Os presidentes ou presidentas das asociacións poderán delegar por escrito e para cada convocatoria no membro da súa Xunta Directiva que consideren oportuno. Atendendo ao asunto/s a tratar nunha convocatoria concreta, a presidencia de cada asociación poderá delegaren calquera outra persoa membro da súa respectiva Xunta Directiva ou en quen desenvolva o cargo de Director/a-Xerente da entidade.
- f) As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos asociados, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asociados.
- g) O/a Presidente/a da Federación, será, no marco das súas atribucións, a persoa encargada de dirixir as Asembleas, dar a palabra e conducir os debates correspondentes que se puideran producir no decorrer das mesmas.
- h) Os acordos tomaranse por maioría simple dos asociados con dereito a voto e presentes na Asemblea, cando os afirmativos superen os negativos, non sendo computables a estes efectos os votos en branco nin abstencións, sendo o voto de calidade o da persoa representante da asociación que ostente a presidencia. As votacións nas Asembleas Xerais serán a man alzada para tódolos asuntos que consten na orde do día. A secretaría será responsable de contabilizalos e verificar a súa validez
- i) Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure no orde do día agás que asistan tódolos membros e sexa declarada a urxencia do asunto pola maioría.



j) Será precisa a maioría cualificada de 2/3 das entidades asociadas para a adopción de acordos nos seguintes casos:

- Nomeamento da Xunta Directiva.
- Acordo de integrarse en Confederacións ou outros organismos de representación ou entidades de segundo nivel.
- Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado.
- Aceptación ou expulsión de socios.

CAPÍTULO 3. DOS SERVIZOS TÉCNICOS

O artigo 30 dos Estatutos da Federación establece que, co fin de conseguir a máxima eficacia e eficiencia nas funcións e obxectivos da Federación, a Xunta Directiva pode establecer unha estrutura técnica e administrativa adecuada, servida por profesionais que actúen dentro do marco da política da Federación e dos seus criterios básicos e con suxeición ás normas emanadas da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva. A configuración, organigrama e competencias de cada membro de equipo técnico, liderado por un/unha Director/a, recóllese a continuación:

1. A Federación Galega contará para o mellor cumprimento dos seus fins cunha Dirección cuxo principal obxectivo de posto será:

Definir e xestionar unha resposta oportuna, pertinente, eficaz e eficiente ás necesidades estratéxicas e operativas da organización, ao mesmo tempo que se garante a motivación, profesionalidade e eficiencia do equipo. Representar e defender os intereses de FEGADACE en Galicia e onde corresponda, ante terceiros, segundo os valores da organización, as súas políticas e principios éticos, tomando en conta a lexislación e política vixente autonómica, nacional e internacional en materia de discapacidade e dano cerebral adquirido, co fin de aplicar eficazmente a estratexia do movementos asociativo do dano cerebral adquirido en Galicia. Garantir o cumprimento do SXC establecido na entidade e liderar o proceso de análise e mellora dos procesos desenvolvidos pola Federación.

Ademais, e sen prexuízo das que están establecidas no Documento "Definición de Posto de Traballo/ Perfís de Cualificación" arquivado no PC_EST_o6_ Persoal do Sistema de Xestión de Calidade, a Dirección será responsable do cumprimento destas funcións:

- a) Coordinar as distintas áreas nas que se organice en cada momento a organización poñendo en marcha as medidas adecuadas para mellorar a súa xestión baixo a supervisión da Presidencia.
- b) Adoptar as decisións convenientes para a xestión do persoal, previa autorización da Xunta Directiva.
- c) Xestionar os recursos humanos dispoñibles, tanto empregados coma voluntarios.
- d) Propor o nomeamento do persoal administrativo, a súa forma de incorporación, a duración prevista dos seus servizos, a súa xornada laboral, a súa remuneración e en xeral todas aquelas cuestións que sexan precisas dentro do marco do ordenamento laboral.
- e) Supervisar e participar na elaboración do presuposto da Federación e demais documentos económicos e contables.
- f) Dirixir as diferentes accións e proxectos de captación de fondos.

- g) Manter relacións coas institucións para chegar a acordos que redunden en beneficio das persoas con dano cerebral e das súas familias.
 - h) Levar a cabo, coa colaboración do persoal adecuado da entidade, campañas de comunicación, información, divulgación e sensibilización do dano cerebral adquirido.
 - i) Diseñar mecanismos de avaliación da actividade levada a cabo pola organización e definir novos plans de acción.
 - j) Apoiar ás entidades asociadas ofrecendo a asistencia que sexa precisa para o cumprimento dos seus fins, mantendo con elas unha comunicación e información permanente e continua no exercicio das funcións que lle correspondan, favorecendo un clima de cooperación e transparencia.
 - k) Calquera outras que se deriven da natureza do órgano ou que lle sexan encomendadas pola Xunta Directiva ou pola Asemblea Xeral.
2. A Dirección responderá funcional e xerarquicamente ante a Xunta Directiva da Federación, órgano de goberno ao cal reportará estratéxica e operativamente de maneira fluída e periódica. A nivel técnico, coordinarase e reportará ao comité de direccións conformado polas directoras/es das asociacións federadas, no seo do cal se definirán as accións estratéxicas da federación/ movemento asociativo para ser trasladadas á xunta directiva e asemblea xeral, onde se aprobarán definitivamente. Será a responsable xerárquica e técnica de todas as profesionais que conforman o equipo técnico da federación.
3. A vinculación do/da Director/a coa Federación rexerese pola lexislación laboral común e, no seu caso, polo convenio colectivo que en cada caso estea en vigor.
4. O Director/a da Federación poderá asistir as sesións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral con voz pero sen voto naqueles casos en que así estea previsto no regulamento de réxime interior e para o exercicio daquelas funcións que os estatutos lle atribúen, e sempre que o estime conveniente a Presidencia, a Xunta Directiva ou a Asemblea Xeral.

Por outra banda,

- 1. A Xunta Directiva e a Asemblea Xeral quedan facultadas para acordar a creación doutros órganos que poidan ser necesarios ou convenientes para facilitar o funcionamento e o cumprimento dos fins da Federación. En particular pódense crear comisións ou comités para o estudo, apoio e asistencia técnica e económica en relación con asuntos concretos e con funcións de investigación, documentación ou preparación.
- 2. Regulamentariamente establecerase a súa composición, o procedemento para o nomeamento dos seus membros, a súa duración, o carácter das súas decisións, conclusións ou informes e demais aspectos de interese.
- 3. Para o cumprimento das súas funcións a Federación contará co persoal que se estime necesario no marco da dispoñibilidade orzamentaria. Correspóndelle propor a contratación ao/ á Director/a da Federación e autorizala á Xunta Directiva no marco da lexislación laboral que sexa de aplicación.



TÍTULO III. DO RELATIVO Á IMAXE CORPORATIVA, A PUBLICIDADE DAS DECISIÓNS E COMUNICACIÓNS PÚBLICAS

1. Establécese como imaxe e logotipo da Federación (ver anexo). As asociacións socias poderán usar devanditos distintivos nas súas publicacións, canles de comunicación ou similares, axustándose ás normas e pautas de uso deste. Ditas pautas poderán ser consultadas ou solicitadas no servizo de comunicación da Federación. Calquera logo ou imaxe que non se corresponda coa presente, non deberá nin poderá ser usada en ningún documento, canle ou medio, como imaxe corporativa de FEGADACE.
2. Da publicidade das decisións da Xunta Directiva:
 - a. Corresponde á Xunta Directiva de forma conxunta e colexiada, a elaboración, aprobación dos posicionamentos e comunicados públicos que procedan, cando se trate de temas sobre os que non exista resolución da Asemblea Xeral. Para os mesmos poderán solicitar o asesoramento da Dirección e o persoal técnico da Federación ou as entidades federadas.
3. Para aquelas situacións que afecten o conxunto do movemento asociativo, que sexan de ámbito autonómico ou estatal (políticas públicas que afecten o colectivo, financiamento autonómico, cuestións conceptuais sobre dano cerebral adquirido, os servizos que se prestan con financiamento público ou privado, noticias sobre dano cerebral que xeren controversia social ou profesional ou similares) será competencia da Federación fixar a postura do colectivo respecto diso. Neste punto dita postura deberá ser acordada, traballada e consensuada pola Xunta Directiva, non podendo ningún cargo unipersonal nin decidir nin facer pública ningunha resolución en nome da Federación que non conte co Vº e Pr. da Xunta Directiva.
4. Faise totalmente imprescindible coordinar a política informativa da Federación e dos seus socios, ao fin de trasladar á sociedade unha mensaxe coherente e clara que reforce o papel como interlocutor do Movemento asociativo ante calquera situación que lle afecte.
5. A portavocía da Federación recaerá na Presidencia da Federación, salvo que a Xunta Directiva determine que a portavocía ante os medios recaia sobre outra persoa. A Presidencia pode delegala noutras persoas da Xunta en casos puntuais ou por circunstancias concretas. Sería recomendable determinar quen son as persoas na Federación que asumirán ese rol, ademais da Presidencia.
6. Poderanse difundir devanditos acordos polas canles e medios que a Federación e a súa Xunta Directiva determinen: publicacións na web da Federación, Redes Sociais, nota de prensa, conferencia de prensa, etc.
7. As resolucións que adopten serán enviadas a todas as entidades federadas para que as usen e teñan como referencia nas súas aparicións públicas nos medios locais ou as difunden a través das súas canles propias: web, blogues, redes sociais, boletíns etc.

TÍTULO IV. DA REFORMA E MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS E DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

1. O art. 40 dos Estatutos establece que estes poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou da cuarta parte das entidades asociadas.

2. Sen prexuízo do anterior e das outras pautas recollidas no referido artigo, determínase o seguinte:
- a) A modificación do presente regulamento e a súa posterior aprobación requirirá de 2/3 de votos favorables das entidades socias. A Xunta Directiva procederá a establecer un período de emendas ao texto, as cales deberán ser enviadas aos membros da Asemblea de pleno dereito cunha antelación de 21 días e difundidas a todos os socios.
 - b) Unha vez reformados os estatutos ou o presente regulamento, no seu caso, a Xunta Directiva deberá facilitar a todos os socios o textos reformados ou publicalos na web da Federación, comunicándoo aos socios posteriormente.
 - c) A maioría cualificada (2/3 de votos favorables) só se establece para:
 - Alleamento ou gravame de inmobles.
 - Modificación dos estatutos.
 - Aprobar o regulamento de Réxime Interno.
 - Disolución da Federación.
 - Admisión de novos membros.
 - Resolución de expedientes sancionadores que supoñan a expulsión dun membro.
3. No que respecta aos Estatutos, en caso de reforma, e unha vez aprobada esta pola Asemblea Xeral Extraordinaria, as modificacións deberán ser enviadas de forma inmediata ao Rexistro de Asociacións que corresponda para que se proceda ao cambio oportuno.

DISPOSICIÓN FINAL


D. Luciano Fernández Pintor, presidente, e Dona Laura Abeledo Lameiro, secretaria da entidade, Federación Galega de Dano Cerebral, fan constar que as presentes normas foron aprobados coa inclusión das modificacións acordadas en Asemblea Xeral celebrada o 2 de xullo de 2022, de acordo cos requisitos establecidos na LO 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e seguindo o procedemento previsto nos seus estatutos,

En Santiago de Compostela, a 2 de xullo de 2022

Asinado



Luciano Fernández Pintor
Presidente



Laura Abeledo Lameiro
Secretaria